

Expresión escrita: o conto

Criterio	Excelente (2 ptos.)	Bo (1,5 ptos.)	Aceptable (1 pto.)	Baixo (0,5 pto.)
Organización do texto. Claridade e coherencia.	O texto é claro e está ben estruturado; contén as partes indicadas: introdución, nó e desenlace. Os parágrafos están ben organizados. O uso dos signos de puntuación é correcto. Utilízanse conectores adecuados entre as ideas.	O texto está ben organizado na súa maioría. Falta algún aspecto da estrutura. Os parágrafos están ben organizados. Emprega algúns signos de puntuación. Algunhas ideas poden ser confusas ou faltan conectores entre elas.	O discurso é en xeral comprensible, pero desordenado nalgunhas partes. Emprega os puntos e aparte e final fundamentais. A falta de conectores dificulta a comprensión.	O discurso é confuso e desorganizado. As ideas non están conectadas e a falta de estrutura dificulta a comprensión. O texto non está ben puntuado. Presenta erros de concordancia.
Elementos do texto.	Presenta o espazo e tempo no que transcorre a acción e as personaxes. As descricións enriquecen o texto. Introduce diálogos entre os personaxes.	Falta un elemento na presentación das personaxes, do espazo e do tempo no que transcorre a acción. Descríbense os elementos.	Menciónanse os elementos, pero non se da información sobre eles.	No se sitúa a acción nin se presentan as personaxes.
Vocabulario e uso da linguaxe.	Emprega un vocabulario variado, rico e preciso. A linguaxe enriquece a tarefa e evita toda discriminación.	Exprésase cun vocabulario básico, pero variado. A linguaxe é axeitada para a súa idade e evita toda discriminación.	Exprésase cun vocabulario limitado, coloquial e impreciso en oracións simples. linguaxe é básica para a súa idade e evita toda discriminación.	Vocabulario impreciso e xenérico. Repite as palabras, aínda que sexa con significado diferente. A linguaxe é pobre ou non inclusiva.
Creatividade.	O texto amosa creatividade e orixinalidade.	O texto é algo creativo.	O texto é pouco creativo.	O texto non amosa creatividade.
Ortografía e caligrafía.	Non ten erros ortográficos e a letra é clara e lexible.	Ten de 1 a 3 erros ortográficos e/ou a letra é lexible.	Ten entre 3 e 5 erros ortográficos e/ou a letra lese con dificultade.	Ten máis de 5 erros ortográficos e/ou a letra lese con moita dificultade.